

# PROXECTO EDUCATIVO

13

C.E.I.P. FONTE ESCURA

Vigo

## INDICE

### DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO

#### 1.- ANÁLISE DO CONTEXTO

##### 1.1.- XUSTIFICACIÓN

##### 1.2.- SITUACIÓN XEOGRÁFICA E CULTURAL

##### 1.3.-RECURSOS DO CENTRO

1.3.1.- Recursos materiais.Análise do Centro e características do edificio.

1.3.2. Recursos Persoais.

- Profesorado.
- Persoal non docente.
- Alumnado.

#### 2.- SINAIIS DE IDENTIDADE

2.1.-PRINCIPIOS.

2.2.- OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN

#### 3.- ESTRUCTURA ORGANIZATIVA E SERVIZOS DO CENTRO

##### 3.1.-ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

3.1.1.- Órganos Unipersonais

3.1.2.- Órganos Colexiados.

- Consello Escolar
- Claustro

3.1.3.- Órganos de Coordinación:

- C.C.P
- Equipos de Ciclo
- Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.
- Dinamización Lingüística
- Dinamizacións
- Departamento de Orientación
- Unidades e titorías

3.1.4.- Horarios do Centro.

3.1.5.-Libros de Texto

3.1.6.- Uso das instalacións escolares.

3.1.7.- Alumnado. Criterios de organización e agrupamentos.

3.1.8.- Actividades complementarias y extraescolares.

3.1.9.-Protección de datos

3.1.10.- Colaboración cos servizos sociais e educativos do Concello e da Xunta.

3.2.- SERVICIOS DO CENTRO E U SEU FUNCIONAMENTO

3.2.1.- Transporte Escolar.

3.2.2.-Servizo Comedor.

- Persoal Usuario do Comedor
- Persoal Colaborador do Comedor
- Funcionamento do comedor.
- Plan de actividades para o tempo de lecer

3.2.3.- Aula Matinal

3.2.4.- Biblioteca Escolar.

- Biblioteca de aula
- Biblioteca de Centro

3.2.5.- Pais/Nais. A ANPA

- A ANPA
- Relación cos pais/nais do novo alumnado
- Comunicación aso pais/nais ou Titores/as
- Atención aos pais/nais ou tutores/as
- Colaboracións pais/nais ou tutores/as
- Hora de saída.
- Incidencias.

4. PLANS E PROGRAMAS.

4.1.- PLAN DE CONVIVENCIA. (INCLÚE O RRI)

4.2.- PROXECTO LINGÜÍSTICO.

4.3.- PLAN LECTOR.

4.4.- PLAN TIC

4.5.- PLAN DE ORIENTACIÓN

4.6.- PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

4.7.- PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

4.8.- PLAN DE ACOLLIDA

4.9.- PLAN DE ADAPTACIÓN. ANEXO.

4.10.- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

5. - CONCRECIÓN CURRICULAR.

5.1. CONCRECIÓN CURRICULAR POR CICLOS E ÁREAS.

5.2.- CRITERIOS METODOLÓXICOS XERAIS

5.3.- CRITERIOS DE PROMOCIÓN

5.4.- AVTIVIDADES DE REFORZO PARA O ALUMNADO REPETIDOR.

5.5.- CRITERIOS PARA INTRODUCIR A EDUCACIÓN EN VALORES

5.6.- CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN DE PROGRAMACIÓN

5.7.- PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.

5.8.- PLAN DE ATENCIÓN AO ALUMNADO QUE NON OPTE POR RELIXIÓN.

5.9.- PROGRAMACIÓNS

6.- AVALIACIÓN INTERNA

7.- APROBACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO.

8,. ANEXOS

## DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO

---

NOME: CEIP Fonte Escura

DOMICILIO: 1ª Travesía de Barreiro Nº 34

PROVINCIA: Pontevedra

TELÉFONO: 986 25 18 42

CORREO ELECTRÓNICO: [ceip.fonteescura@edu.xunta.es](mailto:ceip.fonteescura@edu.xunta.es)

ADSCRICIÓN DO CENTRO: I.E.S Ricardo Mella

ENSINANZAS QUE ABARCA: Ed. Infantil e Primaria

HORARIO DO CENTRO: De 9:00 a 14:00

Nº DE UNIDADES: Cinco

Nº DE MESTRES/AS:

- Dúas mestras de Ed.. Infantil (Unha definitiva)
- Tres mestres/as de Ed. Primaria ( Unha definitiva)
- Tres mestras de Pedagogía Terapéutica ( unha delas definitiva).
- Unha mestra de audición e linguaxe(definitiva)
- Unha mestra especialista en Ed. Musical (definitiva)
- Un mestre especialista en ED. Física (definitivo)
- Unha mestra de Inglés ( Definitiva)
- Unha profesora de relixión ( 10 sesións á semana).
- Unha orientadora ( 12 sesións á semana).

Nº DE ALUMNADO: 60 ( Curso 2012-2013).

## 1.-ANÁLISES DO CONTEXTO

*“ A ensinanza que deixa sinal  
non é a que se fai de cabeza a cabeza,  
senón de corazón a corazón”*

### 1.1.- XUSTIFICACIÓN

Conforme o disposto no Artigo 121 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, os centros elaborarán un proxecto educativo.

A elaboración do P.E correspóndelle ao equipo directivo. Todas as modificacións que se fagan no mesmo serán aprobadas e avaliadas polo Claustro e o Consello Escolar.

O presente Proxecto Educativo de Centro, considerado como un documento necesario de xestión organizativa e pedagóxica do propio Centro, ten un carácter dinámico, operativo, flexible, claro e realista.

Despois de analizar as necesidades educativas do noso alumnado, e as características do entorno, trata de reflectir a tarefa educativa do propio Centro, creando así unha escola de tod@s e para tod@s. Adaptada ás diferencias e ás necesidades do alumnado e por tanto, unha escola que axuda a un correcto desenvolvemento integral dos nen@s.

As súas notas de identidade, os obxectivos que pretende alcanzar e os procedementos de actuación están enfocados á consecución duns valores, unhas actitudes, unha formación, unha organización, que sendo xerais dentro do marco educativo teñan a súa propia identidade.

O PE foi elaborado coa colaboración dos membros da comunidade educativa e pensamos que está aberto a todas as avaliacións e revisións

periódicas que o Centro acorde. Xorde como unha responsabilidade ante el complexo fenómeno educativo e coas seguintes finalidades:

- Unificar criterios a favor dunha maior coherencia.
- Evitar a improvisación e favorecer unha xestión máis eficaz do Centro.
- Establecer unha liña metodolóxica.
- Clarificar os obxectivos que o centro se propón e os medios para conseguilos.
- Propor estratexias para un maior rendemento.
- Reflectir as inquietudes da comunidade.
- Coordinar a participación e a implicación de todos os membros da comunidade educativa.
- Distribuír de forma racional los espazos e os tempos.
- Xerar motivacións e evitar a rutina.
- Comprometerse activamente nos logros educativos.

Este documento incorpora ademais, directrices e estratexias propostas desde a Administración Educativa.

## 1.2 .-SITUACIÓN XEOGRÁFICA E CULTURAL

O C.E.I.P. Fonte Escura está situado ó Leste da cidade de Vigo, nunha zona periférica, na 1ª Travesía de Barreiro nº 34, no barrio coñecido popularmente como Barreiro que consta de catro núcleos de poboación claramente diferenciadas:

- Unha barriada formada polos bloques de vivendas de antigos traballadores de G.E.A.
- Unha segunda zona é a de Fonte Escura, nome que procede do manancial que existiu de sempre e que foi lugar de encontro de veciños e veciñas. Nesta zona prevalecen as vivendas unifamiliares con pequenas hortas, pero os seus ingresos proceden de traballos que realizan na cidade.
- Podemos falar dun terceiro grupo de familias de aluvión que residen en distintos lugares del Barrio, que non posúen traballo fixo, que implica carencia de ingresos e unha gran mobilidade.
- Por último, unha poboación de familias que se ubicaron nos últimos anos ao barrio debido a novas edificacións que fixeron polo entorno ( Cambeses, zona dos humedais de Barreiro e Ramón Nieto).

Outros núcleos de poboación que limitan coa zona son: lavadores, Candeán, Cabral e San Paio.

Destacamos aquí un colectivo de inmigrantes portugueses asentados no monte chamado Parachán que viven en chabolas fabricadas por eles, constituíndo un grupo illado non integrado no barrio pero si aceptado.



As dotacións deportivas e culturais da zona melloraron nos últimos anos, xa que onde estaba ubicado o cuartel de Barreiro agora hai unha Piscina Municipal onde ademais imparten outros deportes. Na mesma zona está o campo de fútbol de Barreiro.

No ámbito cultural o barrio conta cunha Ludoteca Municipal e as diversas actividades que desenrola a Asociación de Veciños de Lavadores.

Outros servizos abicados no barrio son:

- O Centro de Saúde de Lavadores (casi pegadiño ao colexio).
- Unidade de Intervención Familiar do Concello.

### 1.3 .- RECURSOS DO CENTRO

#### 1.3.1.- Recursos Materiaís. Análise do Centro . Características do edificio.

O solar onde se ubica o colexio ten forma de pentágono irregular . A superficie total do mesmo é de 4.500m<sup>2</sup>.

Este Centro educativo limita ao Norte coa 1ª Travesía de Barreiro; ao Sur co Centro de Saúde de Lavadores; ao leste cun camiño de servizo ás vivendas; e ao oeste con outro camiño de servizo ás vivendas.

O recinto escolar conta con dúas saídas, a principal que da á 1ª Travesía de Barreiro e outra que comunica co Centro de Saúde de Lavadores.

Os autobuses teñen o acceso pola porta principal e a segunda saída non se usa habitualmente e queda para os vehículos de emerxencia.

O noso centro consta de tres edificacións rodeadas de zona axardinada coas seguintes características:

- O edificio do aulario, construído no ano 1989, cunha superficie construída 389,80m<sup>2</sup>. Consta de tres plantas cunha superficie útil de 262,78m<sup>2</sup> en cada unha delas. Reformado na súa totalidade fai catro anos, onde están abicadas: dúas aulas de Ed.Infantil, cinco aulas de Ed.Prinaria, unha aula de P.T, unha de A.L, a aula de Ed.Musical, a biblioteca, aula de informática, o comedor, ascensor e baños adaptados en todos os andares.

- Outro edificio de planta baixa, construído en 1971, cunha superficie de 87,15m<sup>2</sup> para usos administrativos ( secretaría, dirección e sala de mestres).

- Un terceiro edificio ,construído en 1971 cunha superficie de 230,01m<sup>2</sup> onde se abica o ximnasio con vestiarios e baños adaptados, o almacén e a sala do ANPA ( onde tamén se imparten a actividade extraescolar de cerámica).

En canto aos espazos exteriores , todas as edificacións están abicados ao redor dun patio central de cemento con 1506,80m<sup>2</sup> de superficie e rodeada de zona axardinadas.

- Un patio cuberto con área de xogos para Ed.Infantil. , acondicionado cun areeiro , unha casiña de xogos e tobogáns.
- Un campo de futbito.
- Un campo de baloncesto.
- Un campo de voleibol.
- Amplías zonas axardinadas e aparcamento.

### 1.3.2.- Recursos Personais

#### PROFESORADO

O centro conta con dúas unidades de Educación Infantil e tres unidades de Ed. Primaria. Para cubrir ditas unidades contamos co seguinte profesorado:

- Dúas profesoras de Ed. Infantil.
- Tres de Educación Primaria.
- Un profesor de Educación Física.
- Unha profesora de Educación Musical.
- Unha profesora de Lingua Inglesa.
- Tres mestras de Pedagogía Terapéutica.
- Unha mestra de audición e linguaxe.
- Unha profesora de relixión ( 10 sesións á semana).
- Unha orientadora ( 12 sesións á semana).

#### PERSOAL NON DOCENTE

A.- O porteiro-vixiante fai un labor importantísimo de coidado e mantemento do centro, ademais de abrir e pechar o centro todos os días. As tarefas a realizar son aquelas marcadas nas súas funcións.

B.- As coidadoras.- Contamos con catro coidadoras para atender ao alumnado con necesidades educativas especiais.

Son un pilar importantísimo neste centro, encárganse de recoller a este alumnado dos transportes, darlles de merendar, de comer á hora do comedor, de cambialos cando o precisen, de axudar na súa mobilización, ademais de crear un vínculo importantísimo con eles/as axudándolles así na súa integración do día a día.

Tamén preocúpense de ter informada a directora de todos aqueles aspectos necesarios para ter o Centro totalmente adaptado as necesidades do alumnado.

### ALUMNADO

O Centro actualmente acolle a un total de 60 alumnos/as entre idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos principalmente.

Ás características psicolóxicas propias do alumnado destas idade temos que subliñar outras peculiaridades específicas como é a diversidade. O que fai que o alumnado deste Centro teña un aprendizaxe diario das diferencias coas que se vai a atopar na sociedade. Xa que ademais de convivir con diferentes culturas tamén o farán coa discapacidade o que lles permitirá ver como iguais que son, a nenos/as que aparentan diferentes. Crecendo así con valores de igualdade, compañerismo, xenerosidade, solidariedade, empatía ... que aprenderán coa vivencia en toda a súa esencia, repercutindo neles e mellorando aspectos educativos, físicos , emocionais e sociais.

Inda que a zona de influencia de Colexio vai dende a Baixada de Capitán ata o límite con Mos , a cuarta parte do alumnado procede da zona Norte da área educativa ( Baixada Capitán, Ramón Nieto, Cambeses, Lavadores, Fonte Escura,...), a outra cuarta parte son da zona de Parachán e o resto do alumnado veñen de diferentes puntos da cidade e de fóra da zona educativa, algún deles porque son nenos/as con discapacidades motóricas e necesitan un Centro sen barreiras arquitectónicas.

## 2.- SINAIS DE IDENTIDADE

O noso proxecto educativo caracterízase polo respecto mutuo, o diálogo e a reflexión, tendo especial atención as emocións como principal elemento a xestionar ante calquera incidencia que afecte tanto ao persoal como ao curricular.

### 2.1.-PRINCIPIOS

O centro, dado o seu carácter público, réxese polo principio de neutralidade ideolóxica, de maneira que renuncia a todo tipo de adoutramento, sectarismo e proselitismo, aínda que se declara esencialmente respectuoso coas ideas que sexan compatibles coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

Tentamos formar para a paz e rexeitamos a violencia, polo tanto é unha esixencia inescusable o respecto pola dignidade e a integridade persoal dos membros da comunidade escolar.

Os seus alumnos formaranse para a xustiza, a liberdade, a responsabilidade e a solidariedade.

O centro, valorando o enriquecemento que supón a complementariedade, aposta pola coeducación ou educación na igualdade dos sexos.

A igualdade de oportunidades será promovida mediante a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, así como por discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Os mestres e mestras serán os guías do proceso propiciando unha metodoloxía centrada nos intereses dos nenos e nenas, que se basearán nos seguintes principios e fins educativos que guiarán o seu labor:

PRINCIPIOS

**A calidade** da educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias.

**A equidade** que garanta a igualdade de oportunidades e a non discriminación, e actúe como elemento compensador das desigualdades persoais con especial atención ás que deriven de discapacidade.

- ***A liberdade*** como dereito fundamental de todo ser humano para desenvolverse ou expresarse.
- ***A solidariedade*** para comprender outras situacións distintas das nosas.
- ***O respecto*** para a aceptación das diferencias evitando actitudes de rechazo ou discriminación.
- ***A igualdade de sexos*** que require especial atención nestas idades e que é fundamental nunha sociedade democrática.
- ***A aconfesionalidade*** como respecto a todas as crenzas.
- ***A autonomía*** como fundamento para o desenvolvemento da persoa dentro do grupo.
- ***A educación ambiental*** para o coñecemento e coidado do noso entorno natural, para que perdure no mellor estado posible.
- ***A creatividade*** que marque a nosa liña de traballo facendo unha escola motivadora e dinámica na que os nenos/as gocen aprendendo.

Concibimos a educación como un proceso polo que axudamos ao alumnado ao seu desenvolvemento, facendo que constrúa o seu propio coñecemento proporcionándolle as estratexias necesarias.

Promoveremos pois o desenvolvemento integral do noso alumnado, das súas potencialidades individuais de cara á socialización adquirindo as competencias básicas para aprender a ser, aprender a aprender, aprender a vivir e aprender a convivir.

De acordo co establecido no Decreto 79/2010, do 20 de maio, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo, o noso centro empregará esta lingua segundo se recolle no Proxecto lingüístico, co fin de garantir o dominio oral e escrito de ámbalas dúas linguas oficiais.

## 2.2.- Obxectivos e liñas de actuación

A continuación preséntanse os obxectivos e as liñas de actuación que nos definen , nos diferencian e nos dan unha entidade propia.

OBXECTIVOS	LIÑAS DE ACTUACIÓN
<p>1- Manter un ambiente de convivencia, aprendendo a actuar de acordo coas normas e preparándoos para o exercicio activo da cidadanía.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Utilizando cada momento e oportunidade de traballo en grupo ou momento de convivencia ( clases, recreos, comedor, saídas) para ensinar ao alumnado valores de amizade, colaboración, respecto, solidariedade, compañeirismo, igualdade, xenerosidade.</li> <li>- Facendo pequenos grupos de habilidades sociais onde resolvan situacións cotiás para poder enfrontarse a futuras situacións de maneira correcta e autónoma.</li> </ul>

<p>2-Fomentar o respecto e a valoración das diferentes culturas, as diferencias entre as persoas e a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non- discriminación de persoas por ningunha causa.</p>	<p>Traballando o:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Respecto, valoración e aceptación do outro, coas súas ideas,crenzas ou estatus social..</li> <li>- A sensibilidade e solidariedade ante situacións problemáticas do entorno e tamén do mundo..</li> <li>- Rexeitamento de toda inxustiza e discriminación.</li> <li>- Valorando e respectando con igualdade os traballos de todos os membros da comunidade educativa.</li> <li>- Esforzarse en lograr un ambiente de cordialidade.</li> <li>- Potenciar, apoiar e participar en campañas do Colexio.</li> </ul>
<p>3- Axudar aos nosos alumnos/as para que acaden unha imaxe positiva deles mesmos aceptando as súas características persoais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Traballando a nivel individual, en pequeno ou e gran grupo as emocións e o coñecemento e aceptación dun mesmo a través da intelixencia emocional.</li> <li>- Evitando todo comentario ou actitude que lle poida por unha "etiqueta" ó compañeiro/a.</li> <li>- Esforzarse en preparar ben o traballo de cada día, pero sen competitividade .</li> <li>- Reforzando positivamente os traballos dos nenos/as, os valores que vaian adquirindo así como as boas conductas, e os bos sentimentos.</li> </ul>



<p>4- Desenvolver nos alumnos/as o aprecio pola hixiene e a saúde aceptando o propio corpo e o do resto das persoas, e respectando as diferencias.</p>	<p>Aproveitando momentos claves (comedor, nas aulas, antes de merendar, despois das clases de Ed. Física, nas clases de Ed. Musical) para explicarlles a importancia dunha boa hixiene, de bos modais á hora de comer, do respecto cara aos demais compañeiros/as.</p>
<p>5 - Acomodar as nosas estratexias e recursos ás necesidades dos alumnos/as, poñendo especial interese na integración daqueles que teñan necesidades educativas especiais.</p>	<p>-Adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades dos alumnos/as.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Dotar os contidos dun enfoque integrador promovendo a globalización.</li> <li>- Realizar actividades de socialización e de integración para que todos/as os nenos/as se sintan, se vexan e os vexan como iguais dentro do grupo.</li> <li>- Utilizar unha metodoloxía que será global e activa que potencie a construción de aprendizaxes significativas.</li> <li>- Utilizar modelos de ensino-aprendizaxe que atendan á diversidade do alumnado, tanto na práctica docente coma na selección de contidos.</li> </ul>
<p>6-Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo,de esforzo de responsabilidade no estudio, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e</p>	<p>Realización de actividades individuais e colectivas, aprendendo a valoralas e a diferencialas cada unha coas súas características.</p>

<p>creatividade no aprendizaxe.</p>	
<p>7- Potenciar a defensa e utilización da nosa lingua.</p>	<p>- Respectando a lexislación e normativa vixentes, recoñécese o dereito de cada membro da comunidade escolar a utilizar calquera das linguas oficiais, pero, para contribuír á normalización lingüística do galego, empregarase esta lingua no plano administrativo e procurarase que sexa esta cada vez máis a lingua ambiental.</p> <p>-A nivel didáctico e pedagóxico no ámbito escolar aplicarase o regulamentado no Decreto 79/2010 de 20 de maio segundo se especifica no Plan Lingüístico do centro. En todo caso, deberá garantirse, ao rematar a escolaridade, un correcto dominio oral e escrito de ámbalas dúas linguas.</p>
<p>8- Potenciar a coordinación e o traballo en equipo do profesorado co fin de propiciar a coherencia e complementariedade nas súas accións educativas.</p>	<p>Favorecendo as reunións e os cambios de opinións para enriquecer a ensinanza de experiencias e coñecementos de todo o profesorado.</p>
<p>9- Manter unha comunicación fluída e permanente coas familias do noso alumnado que permita a súa participación na vida do Centro</p>	<p>Pór en práctica os mecanismos axeitados para favorecer e garantir as relacións coas familias, informándoas de todos os obxectivos que queremos conseguir para obter tamén o seu apoio, tan importante para a consecución dos mesmos.</p> <p>Debido a que é un Centro Escolar</p>

	pequeno esta relación tanto co profesorado, coma coa orientadora ou a directora e moi directa, familiar e de doado acceso.
10- Manter unha comunicación fluída e permanente cos distintos organismos que nos axudan a coordinar accións para favorecer o desenvolvemento do noso alumnado con necesidades educativas especiais.	Coordinación e colaboración entre todos os profesionais implicados na práctica educativa: gabinetes, fisiterapeutas, servizos sociais, centros de menores, médicos, etc....
11- Promover o respecto polo material do Centro así como do medio ambiente e a comprensión sobre a importancia da súa conservación	Implicando ao alumnado en actividades de reciclaxe e concienciación co medio ambiente. . -Mentalizarse para coidar e mellorar, se se pode, as instalacións do Centro.
12.- Fomentar os hábitos da lectura Analizados os hábitos lectores do alumnado chegamos a conclusión que hoxe non len, o seu tempo libre adícanos só a ver a televisión ou a xogar coas vídeo consolas , por iso pretendemos que se gocen coa lectura.	<i>a) Actitudes :</i> - Valorar a lectura como diversión, como forma de adquirir coñecementos , de descubrir cousas novas ou como medio de información nacional e internacional. - Desenvolver unha actitude crítica ante o que se le. <i>b) Procedementos:</i> - Potenciar a lectura de imaxes. - Elaborar carteis que fomenten o hábito lector. - Confección de cómics e pequenos contos. - Resolución de xogos de lectura.


	<ul style="list-style-type: none"><li>- Análise crítico das noticias recentes.</li><li>- Potenciar o uso da biblioteca, tanto de aula como xeral</li><li>- Levar a cabo o Proxecto Lector.</li></ul>
--	--

### 3.- ESTRUCTURA ORGANIZATIVA, SERVIZOS DO CENTRO E O SEU FUNCIONAMENTO.

#### 3.1.- ESTRUCTURA ORGANIZATIVA.

A estrutura organizativa do centro está adecuada á lexislación vixente. Tanto os órganos unipersoais, como os colexiados, equipos de ciclo e departamentos de coordinación atópanse reflectidos no organigrama do centro.

(ver organigrama na páxina seguinte)



### 3.1.1.- Órganos unipersoais.

Como somos un centro de menos de seis unidades só dispomos no equipo directivo dun membro que asume todas as funcións do director, xefe de estudos e secretario.

Desde o curso 2008/2009 ocupa o posto de Directora Dona **Beatriz Álvarez del Pozo**. As súas funcións son as recollidas no ROC para os diferentes cargos directivos.

### 3.1.2.- Órganos colexiados.

#### CONSELLO ESCOLAR

##### ***Funcións:***

- a) As recollidas no R.O.C.
- b) Transmitir ao resto de los compoñentes de cada un dos estamentos as decisións tomadas no Consello Escolar e actuar como portavoz das súas iniciativas.

##### ***Composición:***

O Consello Escolar do Centro foi renovado no curso 2012/2013.

Está formado polas seguintes persoas:

PRESIDENTE : A Directora.

SECRETARIA : Un mestre/a elixido polo claustro de profesorado

POLO SECTOR DE PROFESORES: Un mestre/a elixido polo claustro de profesorado

POLO SECTOR DE PAIS:

Dosu pais/nais : - Un elixido polos pais/nais

- Un proposto poloa ANPA

COMO REPRESENTANTE DO CONCELLO:

Un representante enviado polo Concello.

CLAUSTRO

Funcións:

- a) As recollidas no R.O.C.
- b) Promover as actividades do Centro
- c) Velar polo cumprimento dos acordos adoptados.
- d) Actuar como Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Composición:

A le pertencen todos os mestres/as con destino no centro.

3.1.3.- Órganos de coordinación.

A composición de cada órgano de coordinación, así como o responsable de dita coordinación reflectirase todos os cursos académicos no DOC (Documento Organizativo do Centro) e no Plan Xeral anual.

Os órganos de coordinación docente serán os seguintes:

COMISION DE COORDINACION PEDAGÓXICA (C.C.P)

No noso Centro, as funcións da Comisión de Coordinación Pedagóxica son asumidas polo Claustro, a Presidenta é a Directora e a secretaria que levantará Acta será un profesor/a, preferentemente especialista en P.T ou A.L.

O Claustro reunirse como Comisión de Coordinación Pedagóxica un martes ao mes en coordinación coa Orientadora para asegurar a súa asistencia, xa que o seu Centro base é o CEIP O Sello . Ao comezo e ao final do curso celebrarase unha reunión extraordinaria.

As competencias da Comisión están recollidas no ROC.

EQUIPOS DE CICLO

Os Equipos de ciclo, que agruparán a todos os mestres que impartan docencia nel, son os órganos básicos encargados de organizar e desenvolver as ensinanzas propias do ciclo.

Reuniranse unha vez ao mes en horario de obrigada permanencia ( martes pola tarde).

Temos formados catro equipos de ciclo: Educación Infantil, 1º ciclo de Primaria, 2º ciclo de Primaria e 3º ciclo de Primaria. En cada ciclo haberá un coordinador que se encargará de levantar acta de todas as reunións. Este coordinador coincide co titor do Ciclo, en caso de Ed. Infantil o coordinador/a será un dos dous titores/as de Ed. Infantil.

#### EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Dito equipo estará formado por todo o claustro e a coordinador/a será un mestre/a do centro.

Reunirase un martes de cada mes.

As súas funcións son as previstas no ROC.

#### EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

A coordinación do Equipo de Dinamización Lingüística tamén é asumida por un mestre/a e pertencen a el todo o profesorado.

Os obxectivos que persegue este Equipo son fundamentalmente tres:

- Dar a coñecer e cumprir a normativa vixente no relativo á lingua galega: documentos, carteis, libros de texto, actas...
- Tratar de que o galego que se empregue habitualmente no Centro na lingua oral, sexa o máis próximo posible ao galego normativo, para que lles sexa máis doado á hora de escribilo.
- Darlles a coñecer, e que lle encontren gusto á lingua, cultura e literatura galegas.

O equipo de dinamización velará polo desenvolvemento do Proxecto Lingüístico do Centro que figura como Anexo a este proxecto educativo.



### DINAMIZACIÓNS

Para levar a cabo estas dinamización dedicarase unha hora á semana con carácter fixo e dentro do horario de permanencia no centro. Estes plans, dinamizados por o mesmo mestre/a durante dous anos e onde participan como colaboradores outros profesores/as do Claustro, están elaborados dende o curso escolar 2008/2009 e seguen vixentes ao día de hoxe, inda que se revisan cada dous anos coa súa posterior aprobación polo Consello Escolar.

As dinamizacións que se están a desenvolver son:

- Plan das TICS
- Biblioteca.- PROXECTO LECTOR
- Convivencia Escolar
- Dinamización Lingüística
- Apoio a Xestión Económica

### DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O Departamento de Orientación do CEIP O SELLO é compartido con outro colexio, co mesmo nº de unidades que este, o CEIP IGREXA-CANDEÁN, e ten adscrito o CEIP Fonte Escura.

Ata fai dous anos a Orientadora viña un día a semana ao noso Centro, pero dende o curso escolar 2011-2012, a orientadora definitiva colleu a dirección do CEIP Igrexa- Candean quedando a orientación con Centro base no CEIP O Sello e centro adscrito o CEIP Fonte Escura, o que concedeunos a posibilidade de que a Orientadora estivese dous días e medio a semana no noso Centro. Isto facilitou a realización do seu labor e tamén axudou a descargar labores administrativos a Directora xa que

moito papelexo propio de Orientación tiña que facelo esta dirección por falta de tempo da Orientadora.

- Labor da orientador/a

Figura importantísima para este centro, xa que fai de enlace entre as familias e outras institucións, poñéndoas en contacto para a resolución de posibles conflitos. Tamén está en continuo contacto tanto coa dirección como todo o equipo de profesores/as especialistas en P.T e A.L para levar un seguimento dos alumnos/as, ademais de facilitar e asesorar sobre o traballo que teñen que realizar mestres/as e familias co alumnado con n.e.a.e.

COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:

O Departamento de Orientación está formado pola Orientador/a , os mestres de P.T e A.L do CEIP O Sello, os coordinadores de Ciclo do mesmo Centro e a Especialista de pedagogía terapéutica coordinadora das mestres/as de P.T e de A.L do noso Centro.

O membros do departamento reuniranse, cando menos, unha vez ao trimestre e o orientador/a do mesmo levantará acta da sesión.

Debido as n.e.a.e que temos neste Centro, vese a necesidade que ademais desta reunión trimestral, haxa una reunión semanal non noso Centro co orientador/a e as tres especialistas de pedagogía terapéutica e a especialista de audición e linguaxe do CEIP Fonte Escura. Nestas reunión exponse casos concretos para elaborar plans de traballos, protocolos de actuación, plan de intervencións... que despois se levan as reunións de Ciclo para traballar todos na mesma liña tanto titores/as como especialistas.

### UNIDADES E TITORÍAS.

O centro conta desde o último catálogo de postos de traballo con dúas unidades de Educación Infantil e tres de Educación Primaria. Para cubrir ditas unidades hai os seguintes postos de traballo:

Dous de Ed. Infantil.

Tres de Educación Primaria.

Un de Educación Física.

Un de Educación Musical.

Un de Lingua Inglesa.

Tres de Pedagogía Terapéutica

Un de Audición e Linguaxe

Un Orientador ( Centro base no CEIP O Sello)

Ademais contamos cun mestre de relixión por un total de 10 sesións

#### 3.1.4.- Horario do Centro

Aula matinal	8:00-9:00hs		
Horario Lectivo	9:00-14:00hs	Recreos	11:30-12:00
Comedor	14:00-15:30hs		
Act. Extraescolares	15:30 adiante, dependendo do día e actividade.		

Os martes de 15:30 a 18:30hs o profesorado asistirá ao centro estas tres horas de carácter fixo, para levar a cabo:

HORARIO	REUNIÓN
15:30 - 16:30	Dinamizacións
16:30 - 17:30	Coordinacións
17:30 - 18:30	Titorías cos pais/nais ou titores legais

1º Martes	Coordinación de Ciclo
2º Martes	Actividades extraescolares
3º Martes	Comisión de Coordinación Pedagóxica
4º Martes	Equipo de Dinamización Lingüística

As reunións do Claustro e Consello Escolar serán de carácter non fixo e programaranse segundo as necesidades do centro. Tendo en conta que sempre realizarase unha a principio de curso outra ao final e, como mínimo unha cada trimestre.

### 3.1.5.- Libros de Texto

Os libros de texto estarán expostos no taboleiro da entrada ao colexio a partir do 15 de xuño de cada curso escolar.

Os pais/nais ou titores/as do alumnado de Ed.Primaria que non sexan repetidores, agás os de 1º Ciclo, poderá solicitar a Xunta, a axuda para libros seguindo a normativa vixente.

O alumnado de Ed.Infantil, cuxas condicións se axusten a normativa, poderán solicitar as axudas do Concello.

### 3.1.6.- Uso instalacións escolares.

As instalacións escolares, en horario lectivo, son para ser utilizadas polo alumnado. Polo tanto, salvo situacións que se estudarán no seu momento, non haberá persoas alleas nel.

As cesións ocasionais, sempre que non alteren o normal funcionamento do Centro, poderá concedelas a Directora.

Calquera outro tipo de cesión das instalacións seguirá a tramitación legal que se contempla na Orde do 22 de xullo de 1.997, no seu capítulo 3, punto 9.

Calquera desperfecto que se puidera producir nas instalacións do Centro por calquera tipo de cesión será subsanado, e será responsable del a persoa encargada desa actividade, ou o solicitante da cesión.

### 3.1.7.- Alumnado. Criterios de organización e agrupamento.

O agrupamento básico será o grupo-aula, segundo o cal cada alumno/a está adscrito a un nivel educativo en función da súa idade e do nivel de consecución dos obxectivos propostos en cada ciclo educativo.

Este agrupamento será mixto e flexible, favorecerá a coeducación e a aprendizaxe cooperativa, evitando calquera tipo de discriminación de raza, sexo, relixión, rendemento escolar, etc...

Puntualmente terase en conta o asesoramento do Departamento de Orientación. Ademais do seu grupo-aula, os alumnos/as poderán agruparse en: pequenos grupos de traballo, grupo-ciclo, grupo interciclos, etc. Formaranse grupos de apoio sempre que se dispoña do persoal necesario.

A formación destes grupos responderá aos seguintes criterios:

- Dificultades de aprendizaxe similares.
- Que sexan do mesmo curso.
- Que teñan os mesmos intereses.

Os tempos e espazos estarán organizados de tal forma que se obteña o maior rendemento posible dos mesmos. A súa utilización especificarase na concreción curricular e nas Programacións correspondentes. A súa concreción anual farase no Plan de Atención a la Diversidade.

### 3.1.8.- Actividades complementarias e extraescolares.

#### ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Son actividades lectivas desenvolvidas polos Centros, coherentes co seu Proxecto Educativo, programadas como complemento

do currículo escolar, que se diferencian do resto das actividades polo espazo, momento ou recursos que utilizan. Nelas trabállase tanto a dimensión conceptual ou procedimental como a actitudinal, especialmente os valores de fomento da convivencia e a relación. Xa que logo, poden ser máis ou menos lúdicas pero todas perseguen un ou varios obxectivos:

Son actividades avaliáveis e obrigatorias para o alumnado. Sempre que a actividade esixa a saída do alumnado do centro, será necesaria a autorización dos pais ou tutores do alumnado. No caso que esta non se dea, o colexio deberá tomar as medidas necesarias para atender no Centro ao alumno que non realice devandita saída.

Inclúense na Programación Xeral Anual a proposta dos equipos de profesorado e avalíanse na Memoria Xeral Anual.

Á hora de programar estas actividades tomarase como referencia a secuenciación proposta polo Claustro, e deberase prever as posibles dificultades de tipo organizativo para a súa realización: dispoñibilidade do profesorado, custo económico, alumnado con necesidades educativas específicas, etc. O colexio proverá dos recursos materiais e humanos para que a realización destas actividades non supoña discriminación algunha para o alumnado.

Todas as actividades programadas deberán ser realizables para todos os alumnos/as.

No Centro realízanse, ao longo do curso escolar, unha serie de celebracións nas que participan todos os ciclos e nas que se implica toda a Comunidade Escolar.

Estas celebracións buscan englobar a todo o Colexio nunha contorna lúdica, fomentar a convivencia e o respecto entre toda a comunidade e dar forma concreta a varias dos nosos acenos de identidade. Devanditas celebracións son, actualmente as seguintes: O Magosto, Samaín, Nadal,

Día da Paz, Entroido, Día muller traballadora, Día do libro, Letras Galegas e Fin de curso.

Na PXA incluíranse as programadas para cada curso.

En canto a este tipo de actividades, cabe sinalar algunhas que se veñen desenvolvendo dende hai anos como:

- Xornal Escolar.
- Festivais coincidindo con datas sinaladas (Samaín, Nadal, Entroido, Letras Galegas, Fin de Curso)
- Conferencias, charlas e debates, ofertadas a este centro por diversas institucións realizadas dentro ou fóra do colexio.
- Obradoiros de Prevención sobre a Droga, igualdade, sexuais,...)
- Obradoiros de cociña.
- Biblioteca para o servizo de consulta e préstamo de libros e actividades de animación á lectura.
- Actividades organizadas polo Concello coma teatro, contacontos,...
- Saídas culturais promovidas polas distintas titorías e coordinadas pola directora como puideran ser:
  - Saídas ao entorno próximo.
  - Visitas a establecementos locais, institucións, Industrias, museos, medios de comunicación...
- Realización de viaxes en distintos medios de transporte.

Ademais, todos os ciclos participarán naquelas saídas que puntualmente sexan organizadas polo Centro, ou ben naquelas que se convoquen por parte das distintas administracións, e que sexan interesantes nos seus contidos.

Todas estas actividades son propostas cada ano na PXA para ser aprobadas polo Consello Escolar.

Se xurdira algunha distinta ao longo do curso e de interese

para o alumnado, sen estar prevista no PXA, realizarémola previa comunicación e aprobación polo Consello Escolar e autorización dos pais/nais ou titores dos alumnos/as.

#### AS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Son aquelas que se lavan a cabo fóra do horario lectivo e están organizadas principalmente pola ANPA.

Todos os cursos escolares no mes de setembro se ofertan unha serie de actividades e, aquelas que consigan un número de alumnado mínimo para a actividade, levaranse a cabo.

Nestes momentos temos tres tipos de actividades extraescolares:

- 1º.- As propostas pola ANPA como cerámica, natación , terapia de animais ( que teñen un custe mensual ou cuatrimestral).
  - 2º.- As propostas dende FOANPAS , ( ANPAS en Rede) dirixidas tanto ao alumnado como as familias, xa que por un lado teñen actividades para nenos/as e pais/nais, e por outro lado ofertan unha escola de pais/nais. Estas actividades son gratuítas.
  - 3º.- As actividades que xorden de ceder as instalacións do colexio e que o seu custe e significativo, xa que en vez de cobrar un aluguer polas cesións é o alumnado do Centro quen se beneficia destas actividades con custes moi baixos.
- Este é o caso de actividades como Tenis de Mesa, Pandereita e Baile Tradicional.



### 3.1.9.- Protección de datos

Toda persoa ten dereito á protección de datos de carácter persoal, sexa íntimo ou non. A Lei Orgánica de Protección de Datos (LOPD 15/1999 de 13 de decembro) regula os principios reitores que deben rexer esta protección:

1. PRINCIPIO DO CONSENTIMENTO
2. DEREITO DE INFORMACIÓN PREVIA Ao TRATAMENTO
3. PRINCIPIO DE CALIDADE DOS DATOS
4. Deber de segredo
5. Principio de seguridade

Os tres primeiros son os alicerces Básicos mentres que o 4º e 5º serían alicerces auxiliares.

O principio de CONSENTIMENTO é fundamental pero a propia Lei prevé excepcións (por exemplo un alumno ou un profesor non se pode opor ao tratamento dos seus datos mentres dure a relación académica ou laboral co centro).

Está claro que unha familia pódese negar a que se colgue unha foto do seu fillo na web, a que lle graven unha reportaxe para TV ou ata que "se pique" na cortiza a información diaria do comedor do seu fillo ou que non sexan de acceso restrinxido a información sobre as faltas de asistencia e a súa xustificación.

O dereito de INFORMACIÓN previa ao tratamento DÉBESE DAR SEMPRE, no noso ámbito non hai excepcións. Débese informar ao afectado da existencia dun ficheiro, da finalidade da recollida de datos e dos destinatarios da información, así como da identidade do responsable do

ficheiro. Por exemplo cando nas matrículas dos novos alumnos incluímoslles unha entrevista debe quedar claro quen vai ter acceso a esta información (só o profesorado relacionado co alumno e o Equipo Directivo).

O principio de CALIDADE de datos protexe que a información que se obteña debe ser adecuada, pertinente e non excesiva.

Todos os que participen en calquera fase do tratamento da información están obrigados ao SEGREDO e confidencialidade. Deberanse adoptar as medidas oportunas para garantir a SEGURIDADE e evitar o acceso non autorizado. Por exemplo debemos afacernos a: non pór o adhesivo da contraseña de acceso no computador, non sacar do despacho a documentación do alumnado e deixala en clase, non imprimir máis do necesario, non deixar documentación en zonas de acceso a terceiras persoas (alumnos, familias, persoal non docente, etc.), gardar os nosos rexistros, entrevistas cos pais, listas de control da clase, etc. con chave, destruír o papel que se tira ao lixo, non fotocopiar en exceso, , etc.

Debemos ser moi coidadosos cos datos referentes á saúde, ideoloxías, relixión e crenzas, son datos especialmente protexidos. Os datos sensibles deben estar codificados.

A lei garante ás persoas os dereitos para que poidan acceder, rectificar, cancelar e oporse ao tratamento da información que lles afecte. Este é un dereito básico e gratuíto.

Deberíamos dar a coñecer aos nosos alumnos/as o dereito de protección de datos e incluílo no noso RRI xunto con algúns dos procedementos máis habituais que todos debemos coñecer e practicar.

## CESIÓNS DE DATOS

Respecto a cesión de datos a terceiras persoas, a regra xeral é a **NECESIDADE DO CONSENTIMENTO** previo do afectado para que o responsable do ficheiro poida ceder a información correspondente. Aquí tamén se prevén excepcións: cando a cesión estea autorizada pola lei, cando se trate de datos recollidos de fontes accesibles ao público, cando a cesión prodúzase entre administracións públicas.

As cesións de datos á Policía: SI pero con requisitos.- petición por escrito, concreta, específica e motivada. Non pode ser unha petición masiva e debe supor que é imprescindible para a persecución dun delito ou un perigo real.

As cesións ás ANPAS: O centro NON pode facilitar datos persoais dos alumnos cuxos pais non son socios da asociación; sería necesario o consentimento.

Internet: o tratamento de datos debe cumprir os alicerces básicos da LOPD.

Non se poden colgar as cualificacións (salvo que teña acceso restrinxido) e en canto ás fotos son datos de carácter persoal polo tanto haberá que pedir o consentimento. É aconsellable incluír na web unha Cláusula de Salvagarda.

No caso de pais/nais separados ambos teñen dereito ao acceso aos datos mentres compartan a patria potestade.

No caso de alumnado con n.e.e e que solicitemos a intervención do EOE non necesitamos consentimento da familia para remitir o noso informe ao equipo aínda que si debemos informar aos pais. Unha vez que o equipo vaia intervir solicitará a autorización á familia.

3.1.10.- Colaboración cos servizos sociais e educativos do Concello ou da Xunta.

En canto aos servizos de Asistencia Social, dadas as particulares características do noso alumnado vémonos na obriga de manter contactos periódicos cos servizos do Municipio de Vigo pero tamén con aqueles servizos da Xunta, como é o caso de menores, sobre todo con aqueles Centros onde algún neno/a o ten de referencia como o seu fogar.

A relación cos/as representantes é bastante correcta e fluída estando en continua coordinación con estes servizos mediante reunións a nivel de titorías, orientación ou dirección.

3.2.- SERVIZOS DO CENTRO E O SEU FUNCIONAMENTO

3.2.1.- Transporte Escolar

A normativa do funcionamento deste servizo non está suxeita en ningún dos seus aspectos a regulamentación polo Centro, se ben este colabora coa Administración Educativa para que se desenvolva nas mellores condicións facendo quendas de vixilancia, para atender aos nenos/as transportados, en horario de 8:30 ás 9:00h e de 15:15 a 15:30h.

Cada profesor e profesora organizará ao grupo de clase que lle corresponde no último período lectivo para a súa saída ordenada da clase, tendo en conta as normas de réxime interno.

O profesorado levarán aos seus alumnos/as ata o corredor que está entre o Ximnasio e Secretaría, onde llos deixará aos profesores encargados de facer as quendas esperando a que cheguen os seus familiares.

PLANO DE REALIZACIÓN DO TRANSPORTE ESCOLAR.

O Colexio dispón de *catro liñas* de transporte escolar:

- *Unha liña* de PAZOS que fai o recorrido dende Maceiriñas, pasando polo poboado de Parachán ata o Centro facendo o seguinte percorrido:

*Cemiterio Puxeiros, Ramón Nieto, Maceiriñas, Ponte Cabral, Parachán, Fonte Escura.*

- *Dúas liñas de transporte adaptado* que realiza IGLESIAS e que recolle a nenos/as de distintos puntos da cidade:

- 1ª RUTA.- *Martínez Garrido, Gregorio Espino, Sta. Cristina, Ramón Nieto, Coutada Nova, Fontiñas e Fonte Escura.*

- 2ª RUTA.- *Teixugueiras Florida, Avd. Castelao, Gran Vía, Pizarro, Travesía de Vigo, Xenaro da Fonte, Ramón Nieto, Fonte Escura.*

Estas dúas liñas son susceptibles de cambio segundo ao alumnado que empregue o transporte adaptado.

- *Unha liña* que realiza CRUZ VERMELLA que vén da rúa Fonte Escura.

O HORARIO do transporte é ás 8:45hs chegada ao Centro e ás 15:30hs saída do Centro.

3.2.2.- Servizo de Comedor.

Neste centro temos un comedor de xestión directa (Modalidade B), e dicir, a elaboración de comidas centralízase en cociñas propias con persoal da Administración, e transportadas ao noso centro, contratando o mencionado servizo cunha empresa do sector hostaleiro.

O horario do comedor será de 14:00 a 15:30hs, nunha soa quenda.

#### PERSOAL USUARIO DO COMEDOR

Son usuarios do comedor todo aquel alumnado do CEIP Fonte Escura que o solicite ademais das coidadoras, persoal de cociña e profesorado ou pais/nais que atenden ao alumnado usuario do servizo.

Teñen este servizo gratuíto, ademais das persoas que colaboren no comedor, todo aquel alumnado que dentro da zona educativa teña dereito ao transporte ou non superen a Renda estipulada na Circular mandada dende a Institución Administrativa que rexe as normas do comedor.

Os menús mandaranse ás familias a principio de cada mes.

#### PERSOAL COLABORADOR DO COMEDOR

Por Lei está estipulado que en Ed. Infantil debe haber un persoal de atención ao alumnado cada 15 nenos/as en Ed. Infantil e un cada 30 nenos/as en Ed. Primaria. Por iso o número de colaboradores para á atención ao comedor variará segundo o número de usuarios de Ed. Infantil e Ed. Primaria.

O persoal que sempre será fixo a maiores do persoal de atención ao alumnado será:

- A Directora (persoa encargada do servizo do comedor escolar).
- Catro Coidadoras (encargadas de asistir aos nenos/as con n.e.e).
- Persoal laboral do servizo do comedor ( unha).

#### FUNCIONAMENTO DO COMEDOR

##### Avaliación

Durante o primeiro mes de cada curso escolar a directora fai unha avaliación inicial, baseada na observación directa, entrevistas coas coidadoras, nais e persoal laboral. Para que a partires desta recolección de datos poder elaborar un plan de mellora de todos aqueles aspectos

susceptibles de cambio relacionados coa hixiene, a saúde, o saber estar, a convivencia, ..., a conseguir coa colaboración de todos/as.

### Normas de hixiene

- Todo o alumnado deberá lavarse as mans antes de entrar ao comedor.
- Serán as profesoras de infantil e 1º ciclo quen supervisará esta labor co seu alumnado aproveitando este momento para traballar a área de autonomía, exceptuando aos nenos/as con n.e.e que contarán coa axuda das coidadoras.
- Os nenos/as de 2º e 3º ciclo poderán lavarse as mans no baño próximo ao comedor baixo a supervisión dunha nai ou profesor/a.
- O rematar de comer todos/as o alumnado terá que lavarse as mans, a cara e os dentes ( o alumnado que traia o neceser co cepillo e a pasta de dentes).
- Facer ao alumnado consciente de que se lles cae un cuberto ao chan deberá cambiálo e non seguir comendo co mesmo.

### Normas de saber estar e convivencia

- Facer ao alumnado consciente da importancia de falar nun tono baixiño a hora de comer.
- Empregar ben os cubertos e empregar o coitelo en comidas que teñan fácil corte para Ed. Infantil e sempre para Ed. Primaria.
- Esperar para empezar todos xuntos a comer. Primeiro infantil e despois primaria.
- Adquirir o hábito de sentarse ben a mesa, inclusive os máis pequenos/as.

- Mandarlles ocupacións aos maiores axudando aos máis pequenos: servindo a auga, axudando no corte, abrindo os iogures,
- Ir introducindo algunha comida para mastigar a nenas que toman papas, estimulando así a mastigación e o gusto.
- Respectar aos demais compañeiros/as, intentando non crear conflitos.

#### Plan de actividades para o tempo de lecer.

Como é moi pouco o tempo que teñen de lecer, os días que faga bo tempo o alumnado sairán ao patio repartidos da seguinte maneira:

- Ed. Infantil ao areeiro
- Ed. Primaria ao patio exterior.

Os días que faga mal tempo, os maiores poderán xogar a xogos de mesa: tipo parchís, oca, dominó, puzzles ou películas de vídeo na biblioteca ...., e os pequenos a xogos simbólicos dos que está dotado o comedor.

Todas estas actividades levaranse a cabo baixo estricta vixilancia do persoal que atende ao comedor ( nais/ pais - profesores/as).

#### Hora de saída

Todos/as os nenos/as farán unha fila e esperarán ordenados baixo a marquesiña a que veñan os autobuses, os pais, o as monitoras de Actividades Extraescolares.

#### Incidencias

Para calquera incidencia notificarase á directora, xa que estará todos os días no centro á hora do comedor, ela intentará solucionarlas.



### 3.2.3.- Aula Matinal

Dende o curso escolar 2011-2012 está a funcionar o servizo de aula matinal dende as 8:00h ata as 9:00hs. A encargada da organización deste servizo é a ANPA e quen leva a cabo a actividade é unha nai dun alumno do Centro.

### 3.2.4.- Biblioteca Escolar

O Colexio dispón de Bibliotecas de Aula e Biblioteca de Centro .

#### BIBLIOTECAS DE AULA.

Os grupos de Educación Primaria e Educación Infantil contan con Biblioteca de Aula, o funcionamento e a utilización está baixo a responsabilidade dos titores/as de cada grupo.

#### BIBLIOTECA DE CENTRO.

A biblioteca está a disposición de toda a comunidade educativa en horario lectivo.

Temos creado un equipo de biblioteca coordinado polo responsable da biblioteca.

Todos os anos elaboramos un Proxecto de biblioteca así como o Proxecto Lector que é presentado para a súa aprobación ao Consello escolar.

A biblioteca do centro funciona como centro de recursos de aprendizaxe e entendémola como un lugar de encontro, de intercambio e de colaboración A Biblioteca do Centro estará dinamizada por unha mestra.

A hora de lectura levarase a cabo despois do recreo e dedicaráselle 20 minutos diarios.

### 3.2.5.- Pais e nais. A ANPA

Os pais e nais do alumnado do CEIP Fonte Escura manteñen unha boa relación co Centro colaborando, en xeral, correctamente pero con pouca implicación, sobre todo na ANPA do colexio " Sorriso" , sendo imprescindible unha potenciación da ANPA que está a consistir na dinamización do funcionamento desta Asociación, por iso, a dirección axuda e guía as actividades da mesma.

#### RELACIÓN COAS FAMILIAS DO NOVO ALUMNADO

Entrevista previa coa directora que lles facilitará toda a información relacionada co funcionamento do colexio, ensinará o centro e aclarará todas as dúbidas que se plantexen.

Entrevista previa e individual co titor/a, que recadará toda a información posible do neno/a e tamén transmitirá aos pais a información que considere oportuna.

#### COMUNICACIÓNS AOS PAIS

As comunicacións de interese xeral para toda a Comunidade Educativa faranse por medio de carta-circular que, será entregada a cada alumno/a, ou ao maior dos irmáns matriculados no centro.

Ao comezo do curso farase a actualización da " Ficha de Datos Familiares", co obxecto de dispoñer de dirección e de teléfonos de contacto cos familiares por se fose necesario.

Tamén nestas datas envíase unha circular: dando a benvinda aos nenos/as e as familias, informando de cales serán as titoras/es correspondentes a cada ciclo e especialistas, facilitando os horarios de titorías e de dirección, e outras informacións varias de interese para o curso escolar.

### ATENCIÓN AOS PAIS/NAIS

Todo o profesorado destinará unha hora semanal para a atención aos pais/nais, todos os martes de 17:30 a 18:30 horas. Podendo adaptar tamén a atención aos pais en días de gardas polas tardes o inclusive ás horas de gardas en período lectivo.

### REUNIÓNS COS PAIS/NAIS

Farase unha reunión de ciclo a principio de curso, pero debido a falta de asistencia dos pais/nais ás reunións, os profesores/as chamarán aos pais/nais de maneira individual, previa cita telefónica, garantindo desta maneira a súa asistencia e atendendo así as necesidades de información tanto deles como da titora.

Información que transmitirá ao resto das profesoras interesadas para unha mellor atención das necesidades dos nenos/as.

A partires desta reunión os titores/as seguirán mantendo unha relación directa, individual e periódica ao longo do curso.

No caso que non consigamos ter unha titoría con algunha familia enviarase unha carta certificada con acuse de recibo citando a dita familia, se apesares diso non conseguimos falar cos interesados notificarase aos servizos sociais.

### INVITACIÓNS A CONMEMORACIÓNS

Durante o curso escolar hai celebracións como o Nadal, o Magosto, O Entroido; Final de curso; talleres de cociña,... Onde pídese colaboración dos pais, ben asistindo aos festivais, facendo comidas típicas dunha data para traer ao colexio, mandando receitas de comidas ao colexio, e dicir, facéndolles sentir parte integrante da Comunidade Educativa.

## 4. PLANS E PROXECTOS

### 4.1 Plan de convivencia. (Inclúe o RRI)

Este documento foi elaborado co principal obxectivo de fomentar e reforzar a convivencia no noso centro escolar. Entendemos que a planificación da información, actuacións e medidas que recolle este plan forman parte do proceso que debe servir para o desenvolvemento e mellora do centro.

A intención é construír un clima de convivencia que sexa capaz de anticiparse e facer fronte ás necesidades e aos posibles conflitos que poidan xurdir.

Supón un compromiso por parte de toda a comunidade para reforzar a autoridade educativa, a responsabilidade do profesorado, o exercicio dos dereitos e o cumprimento dos deberes dos alumnos/as, profesores e familias.

O seguimento e cumprimento deste plan e as súas normas teñen a finalidade de educar en valores como o respecto, a tolerancia, a participación e a liberdade propios dunha sociedade democrática.

O Plan figura no ANEXO I deste proxecto educativo.

### 4.2.- Proxecto Lingüístico.

O Decreto 79/2010 de 20 de maio regula o uso das linguas no sistema educativo galego. No seu artigo 14 di que cada Centro elaborará o seu Proxecto Lingüístico, apartado 1 e que formará parte do seu Proxecto Educativo, apartado 2.

O Claustro de Profesores e o Equipo de Dinamización do Centro considera que a lingua galega é un elemento básico de identidade cultural e que une a toda a comunidade educativa que a fala, polo que ao amparo da

Lei 3/1983 que propón que se garanta o uso en igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia, favorecerá e impulsará esa igualdade para que ao rematar a Educación Primaria , os alumnos e alumnas deste Centro teñan competencia, oral e escrita, nas dúas linguas.

Por iso o equipo de dinamización lingüística elaborou o presente Proxecto, que se engadirá ao P.E. como Anexo e que se presenta ao Consello Escolar para a súa aprobación.

O Plan lingüístico figura no **ANEXO II** deste Proxecto Educativo.

#### 4.3.- Plan lector.

Hoxe en día considérase que a lectura é algo esencial e imprescindible, xa que é necesario estar preparado para asimilar, comprender e analizar a cantidade de mensaxes que a diario se reciben, e poder darlle unha resposta o máis crítica posible.

As deficiencias de comprensión e a utilización da lectura como unha simple técnica do desciframento, son a principal base do fenómeno do fracaso escolar, por iso consideramos como un obxectivo prioritario dentro do Currículo de Primaria o desenvolvemento da competencia lectoescritora (comprensión, reflexión, capacidade crítica, busca de información, análise, etc.) para que a consecución de óptimos niveis funcionais neste ámbito incida nos gustos lectores do alumnado e na lectura como práctica continuada.

Partindo da nosa realidade, (ámbito socio-cultural, motivación do alumnado, intereses dos pais...) pensamos na necesidade de facer máis fincapé no desenvolvemento desta competencia coa finalidade de crear e afianzar no alumnado hábitos lectores , buscando a ser posible o compromiso coas familias.

Elaboramos o plan lector seguindo as directrices do Anexo IV do Decreto 130/2007 de 28 de xuño. Neste proxecto educativo desenvolvemos o Plan lector no ANEXO III.

#### 4.4.-Plan TIC

A idea principal deste proxecto non é que os nosos alumnos aprendan informática, iso xa se irá conseguindo implicitamente na medida en que eles vaian traballando cos medios, senón que as TIC nos sirvan para achegalos a todo un mundo de posibilidades informativas, formativas e de comunicación.

É fundamental que a integración das TIC nas aulas chegue a todos os rapaces, polo que debemos habilitar, na medida das nosas posibilidades, os recursos e medios necesarios para que os rapaces teñan a oportunidade de aproveitarse destas tecnoloxías. O que se pretende é que as TIC sexan un elemento ou recurso máis co que contamos para acadar uns determinados obxectivos que xa tiñamos propostos.

Para a elaboración deste Plan TIC tivemos presentes as directrices do Anexo V do decreto 130/2007 do 28 de xuño.

O Plan figura como ANEXO IV deste proxecto educativo.

#### 4.5.- Plan de orientación

A partir da publicación da Lei Orgánica de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOGSE, 1990), a orientación concíbese como unha actividade esencialmente educativa; fronte ao carácter de axuda externa e paralela a ensinanza. Hoxe enténdese como unha dimensión máis da acción educativa na institución escolar, a cal tería dúas dimensións complementarias: a instrutiva e a orientadora.

A orientación contribúe á calidade educativa da ensinanza cando se concibe desde os seguintes supostos xerais:

- É entendida como *orientación para a vida*.
- Cando supón un asesoramento continuado para a elección entre diversas opcións ou posibilidades.
- A orientación é a propia educación, xa que debe ter en conta as necesidades reais dos individuos e os grupos.
- Ten que estar enmarcada desde a dobre perspectiva dos procesos de ensinanza e do proceso individual de desenvolvemento psicoevolutivo do alumno/a.
- Só encontra xustificación na medida que supón unha actitude auténtica de axuda ao individuo.

As características básicas da orientación son as que se detallan a continuación:

- Carácter comprensivo (na medida en que se oferta a todos os alumnos/as e non só a aqueles que presentan N..E.A.E.)
- Carácter contextualizador (adaptada a un centro concreto).
- Carácter integrador (integrada nos diferentes documentos de centro e asumida pola comunidade educativa).
- Carácter especializado (está a cargo dun especialista que desenvolve programas de intervención).
- Carácter personalizado.

Por outra banda, os elementos e a organización do sistema de orientación vixente son:

- 1º Nivel: A titoría.
- 2º Nivel: Os departamentos de orientación.
- 3º Nivel: Os equipos de orientación específicos.

Esta acción orientadora está recollida na normativa actual nas seguintes

disposicións legais e coas súas Órdenes e Decreto que as desenvolven.

- Decreto 120/1998, de 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na CCAA de Galicia.
- Orde 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e o funcionamento da orientación educativa e profesional.
- LOGSE (artigos 2, 55, 60)
- LOE (título II, capítulos 1 e 2)

O Plan de Orientación está neste documento de Centro no ANEXO V , e as propostas de actividades anuais do Plan elaborárase cada curso polo Departamento de Orientación e xúntase á PXA.

#### 4.6.- Plan de acción titorial

A acción titorial ten carácter de coordinación docente e está encamiñada a atender as dificultades de aprendizaxe dos alumnos, de facilitar a integración destes no grupo-aula na vida do centro, de canalizar os seus problemas e inquedanzas, de encauzar o proceso de avaliación, de informar aos pais de todo o relativo á educación dos seus fillos e de actuar os tutores como mediadores entre pais/nais, profesorado e alumnado.

No Plan de Acción Titorial especificáanse as funcións do titor, así como as actividades que debe levar a cabo co alumnado, co profesorado e cos pais e nais.

O Plan de Acción Titorial (PAT) queda recollido no ANEXO VI deste Proxecto Educativo.



#### 4.7.- Plan de atención á diversidade

Desde o centro dáse resposta ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo segundo o establecido no Plan de Atención á diversidade polo profesorado do centro, incluídos os especialistas, e o Orientador que colaboran no desenvolvemento do proceso ensino-aprendizaxe dos alumnos e alumnas.

O noso centro acolle alumnado con necesidades específicas de apoio educativo - ACNEAE - manifestando problemas que requiren unha atención específica e máis recursos educativos dos habituais xa que comprende circunstancias individuais moi variadas, transitorias e permanentes.

As mestras de P.T. ocúpanse dos apoios individuais e en pequeno grupo dentro e fóra da aula ordinaria. A mestra de A.L. realiza apoios individuais fóra da aula.

Estes alumnos/as con ACNEAE son atendidos, tanto en P.T. como en A.L., en dous, tres, catro e cinco sesións á semana, dependendo das necesidades do/a neno/a ou do grupo.

Os nenos e nenas con reforzo educativo son atendidos/as pola súa titora no seu grupo clase.

Tendo en conta as características do centro, debemos atopar estratexias de adaptación que potencien a individualización e a atención á diversidade desde os niveis inferiores aos superiores, concretando progresivamente e adaptando a resposta educativa ás necesidades particulares do alumnado.

Esto nos leva a:

1. Adecuar a nosa actuación en previsión das dificultades de aprendizaxe, previo coñecemento do alumnado.

2. Adaptar a nosa actuación ante dificultades de aprendizaxe xa manifestas pero que poden solucionarse cos medios ordinarios que a mestra ten o seu alcance.
3. Cando os medios ordinarios son insuficientes, adoptar medidas non utilizadas habitualmente como:

A) A.C.I. - onde o alumnado poida seguir os seus obxectivos, aínda que estes difiran dos do grupo, co maior grado posible de normalización e integración.

B) Determinados apoios onde a mestra establece unha adaptación curricular non significativa oportuna para que os/as alumnos/as poidan acadar as capacidades expresadas no currículo. Neste grupo atópanse, sobre todo, alumnado que vive unha situación de privación sociocultural que provoca un atraso na súa aprendizaxe.

C) Elementos de acceso ó currículo coa incorporación de axudas técnicas e novas tecnoloxías adaptadas tanto na aula ordinaria como na aula específica.

A través da avaliación psicopedagóxica inicial se determinan as necesidades educativas, elaborando así unha proposta educativa axustada a esas necesidades.

Por outra banda, é fundamental a colaboración das familias así como a coordinación cos distintos profesionais que atenden os/as nosos/as alumnos/as fóra do centro na súa rehabilitación e apoio psicopedagóxico. O Plan de atención á diversidade (PAD) está recollido no ANEXO VII deste P.E.

#### 4.8.- Plan de Acollida

A chegada de poboación estranxeira á noso municipios, así como o retorno de emigrantes galegos e das súas familias, está incidindo de xeito moi notable na evolución da diversidade da nosa poboación escolar. O mundo escolar no que nos toca vivir hoxe en día supón unha realidade cambiante por iso desde a escola temos que entender a educación como "intercultural", é dicir, non se trata de anular as diferentes culturas, senón de integralas coa nosa, buscando así unha maior riqueza cultural.

Cando un inmigrante, chega ao noso país atópase cunha serie de problemas, entre eles, destacan os referidos o idioma e a Educación. A miúdo, pretendemos que asimilen o noso idioma e a nosa cultura, sen respecto á súa propia. Isto non é favorable. Debemos aceptar que se trata dun proceso de adaptación mutua, de comprensión e aceptación, entre o que chega e o que acolle.

Por todo o anteriormente citado e partindo de que o noso centro entende a educación como "*un proceso de interacción entre as diversas culturas en contacto, desde unha perspectiva de enriquecemento mutuo; sempre dentro do respecto ós dereitos humanos e a aceptación dos dereitos e deberes no ámbito escolar*", decidimos levar a cabo un programa de acollida ao alumnado de integración tardía no sistema educativo español, para fixar unhas directrices básicas a seguir e garantir unha axeitada acollida e integración deste novo alumnado que está chegando aos centros educativos.

O Plan de acollida está recollido no ANEXO VIII deste proxecto.

#### 4.9.- Plan de adaptación

A chegada por primeira vez dos nenos e nenas á escola supón un cambio importante na súa vida; implica a saída do mundo familiar, dun espazo seguro, coñecido e protexido, para pasar a outro descoñecido no que vai ser mirado dende un punto de vista diferente.

Non é un momento sinxelo. Os nenos e nenas deben coñecer ese lugar, facelo propio, establecer vínculos de relación... Non todos reaccionan igual diante da mesma situación. As respostas son variadas e cada unha delas require unha atención diferenciada.

O modo de resolver estas primeiras experiencias educativas e sociais terá unha grande influencia na súa futura actitude, nas súas relacións cos docentes e na calidade das súas aprendizaxes.

Por todo isto é necesario facer unha planificación coidada da súa incorporación á escola.

O Plan de adaptación do alumnado de cuarto nivel de educación infantil está recollido no ANEXO IX deste proxecto educativo.

#### 4.10.- Plan de autoprotección

En cumprimento da Orde de 22 de Xullo de 1.997, no seu capítulo III, punto 8, está en funcionamento o Plan de Autoprotección do Centro, que segue vixente.

Contémplanse ademais os seguintes aspectos:

- **Botiquín escolar.** existe dous botiquíns escolares de urxencias cos materiais máis necesarios, un abicados no baño da sala de profesorado e o outro no baño de profesores de edificio do aulario.

- Para asegurarnos do *control do alumnado*, estes só poderán ausentarse do Colexio se os acompañan os seus pais, logo de avisar ao seu titor e Dirección .
- *Atención a alumnos accidentados*: Co obxecto de facilitarlles a asistencia sanitaria en urxencias escolares, no noso Colexio, solicitaráselle a cada un dos pais/nais titulares a tarxeta da Seguridade Social, fotocopia na que estean inscritos os alumnos/as . Cada fotocopia será arquivada no ficheiro individualizado que hai de cada alumno/a e estará á disposición do profesorado na Secretaría.

Nos casos de accidente leve dos alumnos, os Profesores encargaranse de curalos.

En caso de accidente grave dun alumno/a, porase de inmediato en coñecemento da familia, si a urxencia do caso o require. No suposto de non poder contactar con ningún familiar dependendo da gravidade do accidente ou indisposición porase optar por :

- a) Levalo a unha institución sanitaria da Seguridade Social nun taxi acompañado, preferentemente, polo seu titor/a ou outro profesor/a, provisto da fotocopia da tarxeta correspondente.
  - b) En caso de moita gravidade chamarase ó 112
- Existen extintores, debidamente revisados, para solucionar calquera pequeno conato de incendio.

O Plan de autoprotección figura como ANEXO X neste proxecto educativo. Neste curso témolo en revisión para actualizalo.

## 5. - CONCRECIÓN CURRICULAR.

### 5.1. CONCRECIÓN CURRICULAR POR CICLOS E ÁREAS.

Neste apartado estableceremos o segundo nivel de concreción do currículo das etapas, ciclos e áreas que se imparten no noso centro. Todos os anos na primeira quincena de setembro son revisadas polos equipos de ciclo e adaptadas ás novas necesidades do alumnado.

No ANEXO XI (C.D) desenvolvemos todo o referente a obxectivos, contidos, competencias, metodoloxía... de todas as áreas do currículo.

### 5.2. CRITERIOS METODOLÓXICOS XERAIS

Non hai unha metodoloxía concreta a seguir, pero si caracterízase por adaptarse continuamente as necesidades do alumnado converténdose así nunha metodoloxía activa, dinámica e axustada a cada neno/a.

Debido a las diferencias curriculares do alumnado, cada profesor/a ten que saber en que momento curricular está cada neno/a para que a partires de aí poidan elaborar uns obxectivos apropiados para cada un deles, e así decidir qué metodoloxía seguir, sempre en estreita colaboración co Departamento de Orientación e o Equipo de Ciclo.

Debido a que temos un profesorado inestable, xa que o Centro cambia de Claustro nun 80% ou 90% cada ano, é imprescindible que no expediente de cada neno/a quede reflectido tanto os obxectivos traballados como os obxectivos conseguidos así como, a metodoloxía empregada, facendo fincapé naquela que facilitou o aprendizaxe do neno/a. Desta maneira intentamos conseguir unha continuidade no proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado.

Traballamos en estreita relación e coordinación todo o profesorado, coñecendo cada caso de maneira global e individual, facendo plans de

intervención e de mellora que levamos a cabo dende todo o equipo docente, seguindo unha mesma liña de traballo e metodoloxía para así conseguir un mellor resultado do alumnado, tanto a nivel curricular, persoal ou social.

### 5.3. CRITERIOS DE PROMOCIÓN

#### Promocionan:

- Todos os alumnos e alumnas que aproben todas as materias.
- Os alumnos e alumnas que suspendan materias tendo en conta as posibilidades de acadar os obxectivos do seguinte curso e a valoración que o equipo de profesorado faga valorando: a integración no grupo, o interese mostrado, comportamento e esforzo.

#### Non promocionan:

- Os alumnos e alumnas que suspendan materias sen posibilidade de acadar os obxectivos no curso seguinte.
- En ningún caso se promocionará coas linguas máis as matemáticas suspensas.

### 5.4.- ACTIVIDADES DE REFORZO PARA O ALUMNADO

#### REPETIDOR

Os alumnos/as repetidores recibirán o mesmo tratamento que o resto dos alumnos/as do grupo, tendo así actividades de reforzo, apoio ou recuperación segundo as súas carencias.

Co alumnado repetidor que teñan problemas para superar o currículo a final de curso actuaremos do seguinte xeito:

#### Obxectivo:

- Superar as dificultades de aprendizaxe dos contidos básicos do ciclo.

Principios pedagóxicos.

- Reforzar as áreas instrumentais procurando una metodoloxía máis activa e personalizada del alumno.
- Reforzar a acción titorial.
- Os contidos das diferentes áreas específicas partirán dos contados mínimos que teñan os alumnos.

Cando o equipo docente e o departamento de orientación, previa avaliación psicopedagóxica, consideren oportuno, o alumno/a recibirá reforzo educativo, podendo saír da súa aula para recibir este apoio como medida de atención a la diversidade.

No caso de que o alumno/a non supere os mínimos esixibles para pasar de ciclo e o desfase curricular sexa de dous ou máis anos procederase a realización de unha adaptación curricular.

#### 5.5.- CRITERIOS INTRODUCIR LA EDUCACIÓN EN VALORES

A educación en valores preséntase como un conxunto de contidos de ensino-aprendizaxe que, sen referencia directa ou exclusiva a ningunha área curricular concreta, nin a unha idade ou etapa educativa particular, interactuar en todas as áreas do currículo, desenvolvéndose ao longo de toda a escolaridade obrigatoria; non se trata dun conxunto de ensinanzas autónomas, senón máis ben dunha serie de elementos da aprendizaxe integrados dentro das diferentes áreas de coñecemento.

Por iso, atendendo aos principios educativos esenciais, e, en especial, ao desenvolvemento das competencias básicas para lograr unha educación integral, a educación en valores deberá formar parte de todos os procesos de ensino e aprendizaxe, por ser un dos elementos de maior relevancia na educación do alumnado.



Podemos considerar que a aprendizaxe destes contidos pretende conseguir as finalidades seguintes:

1. Localizar e criticar os aspectos inxustos da realidade cotiá e das normas vixentes.
2. Deseñar formas de vida máis xustas no plano persoal e social.
3. Elaborar autónoma, racional e democraticamente os principios xerais de valor que axuden a axuizar a realidade de forma crítica e con xustiza.
4. Facultar aos nenos/as para adquirir comportamentos coherentes coas normas elaboradas por eles mesmos e coas dadas pola sociedade democraticamente, buscando a xustiza e o benestar social.

As liñas mestras de intervención que van conforman a educación en valores serán as seguintes:

- Estimular o diálogo como principal vía para resolución de conflitos entre persoas e grupos; facilitar o encontro entre persoas cuxos intereses non necesariamente sexan coincidentes, e desenvolver actitudes básicas para a participación comprometida na convivencia, a liberdade, a democracia e a solidariedade.
- Desenvolver a capacidade dos alumnos para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.
- Crear hábitos de hixiene física e mental, que permitan un desenvolvemento san, un aprecio do corpo e o seu benestar, unha mellor calidade de vida e unhas relacións interpersoais baseadas no desenvolvemento da autoestima.

- Apreciar os roles sexuais e o exercicio da sexualidade como comunicación plena entre as persoas.
- Desenvolver a igualdade de dereitos e oportunidades e fomentar a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- Coñecer, valorar e respectar os dereitos humanos, como base da non discriminación, o entendemento e o progreso de todos os pobos.
- Adquirir respecto cara aos seres vivos e o medio, en particular ao valor dos espazos forestais e o desenvolvemento sostible.
- Participar decidida e solidariamente na resolución dos problemas ambientais.
- Coñecer e respectar as normas establecidas para a mellor organización e uso da circulación viaria.
- Proporcionar os instrumentos de análise e crítica necesarios que permitan unha opinión e actitude propias fronte ás ofertas da sociedade de consumo, e que capaciten para tomar conciencia ante o consumo de produtos innecesarios.
- Desenvolver hábitos e actitudes de curiosidade, respecto e participación cara ás demais culturas do contorno.
- Respectar e coñecer a pluralidade lingüística e cultural de España valorando a interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.
- Promover actitudes que valoren axeitadamente o peso específico da educación como motor de desenvolvemento dos pobos.
- Utilizar instrumentos de análise e crítica necesarios para construír unha opinión propia, libre, xusta e democrática.
- Preparar para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e

responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.

## 5.6.- CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN DE PROGRAMACIÓN

### CONTEXTO DEL CENTRO

- As programacións son útiles ao profesorado, non un mero trámite.
- Trabállase en equipo e repártese o traballo entre os compoñentes do equipo docente/ciclo.
- Atenden ás necesidades do alumnado, ao seo contexto e características xerais.
- Atenden ás necesidades detectadas nas probas de avaliación e diagnóstico.

### OBXECTIVOS

- Aparecen os obxectivos xerais e para cada unha das súas áreas.
- Os obxectivos adáptanse e dan preferencia a paliar as necesidades e carencias detectadas.
- Aparecen os obxectivos educativos do Plan de Centro.

### CONTIDOS

- Aparece unha secuenciación e temporalización estable dos contidos principais por niveis.
- Fomentan aprendizaxes relevantes e imprescindibles, non os poucos útiles e/ou repetitivos.
- Propóñense situacións ou problemas e selecciónanse os contidos básicos que melloran competencias.
- Establecen relacións entre as distintas áreas e materias. Currículo integrado.

- Incorporan os contidos transversais e a **educación en valores**.
- Prográmanse unidades didácticas concretas relacionadas coa **Cultura Galega**.

#### METODOLOXÍA E COMPETENCIAS BÁSICAS

- Inclúen sempre as actividades para **lectura, a escritura e la expresión oral no aula**.
- Inclúen, polo menos, **30 minutos diarios de lectura**.
- Inclúen pautas xerais de **escritura**: número de liñas e parágrafos, soportes e cadernos...
- Inclúen as pautas e **estratexias para a resolución de problemas contextualizados e reais**.
- Inclúen o uso de **tarefas** para desenvolver as competencias básicas: lingüística, matemática, social e cidadán, autonomía, dixital, aprender a aprender, cultural... As tarefas son algo máis que unha actividade illada dunha área ou materia: resollen unha situación-problema e teñen utilidade práctica. Afectan a contidos das distintas áreas. Están contextualizadas.
- Inclúen **estratexias para o traballo cooperativo** entorno a dichas tarefas.
- Inclúen medidas de **atención á diversidade** e fomenta as adaptacións curriculares.
- Establécense os **mecanismos de coordinación** entre distintos ciclos e a etapa de infantil.

### RECURSOS e MATERIAIS

- Establécense os criterios para unha selección de materiais curriculares de calidade.
- Aparece una relación con recursos e materiais curriculares. Libros adoptados e recursos de Internet que posteriormente se detallarán nas Unidades Didácticas. Tamén aparece o material de uso común e complementario.
- Todos aqueles materiais necesarios e adaptados as necesidades do alumnado.

### EVALUACIÓN e CRITERIOS

- Inclúense os acordos e estratexias para a avaliación inicial en cada nivel.
- Aparecen con claridade os criterios de avaliación e promoción adoptados en común e de cada área en particular.
- Aparecen os instrumentos de avaliación.
- Aparecen os criterios de cualificación.

### 5.7. PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

A formación permanente do profesorado que se atopa incorporado aos centros educativos constitúe un dereito e unha obriga para este.

A formación do profesorado do centro terá os seguintes obxectivos xerais:

- Perfeccionar a práctica educativa, de forma que incida na mellora dos rendementos do alumnado e no desenvolvemento persoal e social do alumnado, a través da atención ás súas peculiaridades e á súa diversidade.
- Promover a conciencia profesional docente e o desenvolvemento autónomo do profesorado, tendo en conta os seus diferentes

niveis de experiencia.

- Producir un maior coñecemento educativo favorecendo e valorando a diversidade, a innovación e a experimentación rigorosa.
- Construír unha comunidade de aprendizaxe e educación.

Ao inicio de cada curso académico elaboraremos un Plan de Formación do Profesorado que incida realmente na mellora da calidade da educación da práctica docente nas aulas. Dito Plan será reflectido na PXA.

1. Trátase de recoller aqueles aspectos nos que o profesorado do centro considera que necesita formarse para mellorar a súa práctica docente e o funcionamento xeral do centro.
2. Para identificar as necesidades formativas é preciso que o profesorado do centro reflexione sobre as principais dificultades que se lle presentan na súa propia práctica docente e no funcionamento xeral do centro.
3. O CFR, como responsables da formación do profesorado, a partir das necesidades formativas manifestadas polo centro, colaborará na elaboración da proposta formativa escollida.

Para realizar actividades formativas, o profesorado poderá facelo a través das diversas modalidades de formación:

- As establecidas pola propia Consellaría de Educación, a través do CFR.
- Participación en cursos, xornadas ou encontros: actividades de formación por parte dun asesor ou relator sobre un tema de interese profesional.
- Teleformación: cursos a distancia, xeralmente a través da web do Platega.

### 5.8.- PLAN DE ATENCIÓN AO ALUMNADO QUE NON OPTE POR RELIXIÓN

Consideramos que o marco que proporciona a asignatura de Atención educativa é moi adecuado para desenvolver actividades de fomento da lectura e comprensión lectora que se organizarán en forma de Taller de Lectura.

Tamén é un momento propicio para traballar a intelixencia emocional así como as habilidades sociais.

- HORARIO: Simultáneo ao dos ensinos de Relixión.
- As actividades non son obxecto de avaliación.
- Centro informará ás familias das actividades desenvolvidas polo alumnado.

### 5.9.- PROGRAMACIÓNS

Como terceiro nivel de concreción curricular elaboramos as programacións de todas as áreas , por niveis e se fose necesario por alumno/a de maneira individualizada, se as súas características e necesidades o precisasen.

Despois dunha avaliación inicial durante o mes de setembro, faise unha programación de aula, por áreas adaptada ao grupo-clase en xeral e ao alumnado en particular.

Ponse especial atención aos obxectivos trimestrais que queremos conseguir partindo dos mínimos esixibles e respectando o momento evolutivo , as características, diferenzas e intereses do alumnado.

Este terceiro nivel de concreción non o presentamos nos ANEXOS xa que varía considerablemente segundo o grupo- clase que haxa cada ano.

## 6. AVALIACIÓN INTERNA

Para que o PE sexa un instrumento útil para a mellora da xestión, é necesario revisar frecuentemente a súa implantación: o seu grado de utilidade e a súa validez.

### COMO AVALIALO?

<i>Avaliación Formativa</i>	<i>Avaliación Sumativa</i>
O seu obxecto é o perfeccionamento dun programa durante o desenvolvemento do mesmo.	O seu obxecto é a comprobación de resultados ao final do programa.
Analiza unha secuencia ou aspecto do programa	Analiza o programa na súa totalidade
Realízana aqueles que interveñen directamente no programa	Limita a participación dos implicados. Poden intervir avaliadores externos.
Facilita a participación	Ten un prantexamento retrospectivo e de "rendición de contas".
Ten un prantexamento prospectivo e de regulación interactiva	

Ao avaliar un PEC débese considerar:

- O seu contexto.
- O seu deseño e obxectivos.
- Os procesos de aplicación.
- Os seus resultados.

As sucesivas Programacións Xerais do Centro de carácter anual xéranse elabóranse a partir do PE e deben ser coherentes con este.

A PXA é avaliada a partir dun enfoque formativo durante diversos períodos ou fases do curso escolar e mediante un enfoque sumativo ao finalizar o curso.

Os resultados destes procesos de avaliación servirían, por unha parte, de base para a elaboración da Memoria Anual e, por outra, de información retroactiva sobre o Análise do Contexto, o contido del PE e os diferentes Plans que o integran.



Os procesos de avaliación deberán realizarse coa axuda de técnicas ou instrumentos adecuados. Ao elaborar os instrumentos será moi útil incorporar e utilizar unha ampla gama de recursos e técnicas: entrevistas, análise documentais...

Os sucesivos indicadores que proporciona a avaliación formativa ao longo do curso escolar sobre a aplicación do PE deberían ser recollidos e, unha vez ao ano, ao finalizar o curso, efectuar a avaliación de carácter sumativo.

O claustro de mestres tería que realizar a súa avaliación do Proxecto dándolle un carácter fundamentalmente técnico a partir de instrumentos específicos.

A directora efectuará a avaliación asesorada e orientada pola avaliación do Claustro que terá un carácter máis supervisor e de control social.

## 7.- APROBACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO.

O presente Proxecto Educativo deste Centro foi aprobado por unanimidade polo Consello Escolar na reunión que tivo lugar o día de do 2013 , do que como secretaria deste órgano Colexiado dou fe.

Vº e Prace da Directora

A Secretaria do Consello Escolar



Beatriz Álvarez del Pozo



Cristina Numarato Carballo

Asdo: Beatriz Álvarez del Pozo

Asdo: Cristina Numarato Carballo